



O PSdeG intentará por segunda vez no Parlamento chegar a un consenso para impulsar o porto seco de Monforte

Tras a negativa da dereita de Feijóo a crear unha comisión de traballo, Docasar lanza un novo paquete de iniciativas nas que esixe á Xunta que fixe un organismo claro de interlocución que promociione e venda os terreos, e aclare cal é o prazo para rematar a conexión coa N-120 e a Vía de Altas Prestacións Monforte-Lugo

Ante o “secretismo” que mantén o Goberno galego, o deputado pregunta que iniciativas está a desenvolver para a posta en marcha da plataforma loxística, que incentivos serán aprobados e cal será a participación do Consello Económico e Social monfortino, cuxas achegas propón que se teñan en conta

“Non permitiremos que pase o mesmo que co porto seco de Salvaterra-As Neves, que segue sendo un deserto sen actividade algunha 12 anos despois de aprobarse a súa construción e tras requirir un investimento de 200 millóns de euros de fondos públicos e 500 da iniciativa privada”, subliñou o socialista

O PSdeG intentará por segunda vez en menos dun mes chegar a un consenso no Parlamento galego para impulsar o porto seco de Monforte. Deste xeito, trala negativa da dereita de Feijóo a crear unha comisión específica de traballo que implicase á Xunta, Concello, Adif e axentes económicos e sociais da zona sur para deseñar unha estratexia que garanta a rendibilidade económica e social da plataforma loxística, o deputado socialista na Cámara galega Vicente Docasar lanza un novo paquete de iniciativas co obxectivo de forzar á Xunta a que abandone a súa “actitude contemplativa” e defina as medidas precisas para a posta en marcha do proxecto.

“Os antecedentes do Goberno galego na xestión deste tipo de infraestruturas non son nada esperanzadores, máis ben desastrosos”, subliñou Docasar, pois o porto seco de Salvaterra As Neves “segue a ser hoxe un deserto sen actividade algunha 12 anos despois de aprobarse a súa construción e despois de investir 200 millóns de euros de fondos públicos e 500 da iniciativa privada”. “Non vamos a permitir que en Monforte pase o mesmo”, asegurou o parlamentario.

Cumprindo co que xa avanzou despois de que o PP tumbara o pasado 18 de setembro a súa idea de crear unha Mesa de Impulso de Porto Seco, o deputado formula novas propostas na Cámara. Por unha banda, unha proposición non de lei na que esixe á Xunta que fixe un organismo claro de interlocución que defina, promociione e venda os terreos dispoñibles, que fixe con claridade prazos de remate da conexión da plataforma loxística coa estrada N-120 e a Vía de Altas Prestacións Monforte-Lugo, e que sexan tidas en consideración as achegas que poida facer o Consello Económico e Social monfortino.

Ademais, ante a “actitude de secretismo” que mantén o Executivo, Vicente Docasar formulará unha batería de preguntas para coñecer que iniciativas está a levar a cabo a Xunta para o desenvolvemento do porto seco e para a captación de empresas, que incentivos serán aprobados e cal será a participación do Consello Económico e Social de Monforte.

O socialista insistiu na necesidade de “crear un conxunto de incentivos para favorecer o investimento empresarial, hoxe dificultado pola crise”, tales como “a cesión de solo a prezo simbólico, períodos de carencia longos, aluguer de parcelas con dereito a compra, ou promoción e creación dunha unidade aduaneira para simplificar os posibles trámites burocráticos”.

Necesidade de buscar investidores

Docasar explicou que o final próximo das obras, longamente demoradas, fai necesario “abordar a consecución de investidores, de empresas que poñan en valor esta infraestrutura e que sexan o xermolo dun tecido empresarial máis rico, así como iniciar un labor de pescuda e promoción do novo solo industrial, definindo, de xeito prioritario, o perfil das empresas tractoras e o desenvolvemento dunha estratexia de captación do investimento”.

Neste senso, recalcou que os socialistas dedicarán “a máxima enerxía” para que o porto seco sexa unha verdadeira oportunidade que reactive a economía e cree emprego na zona sur, algo que “hoxe é máis necesario que nunca, se non queremos asistir ó despoboamento desta comarca e evitar que se converta nun xeriátrico ó aire libre por falta de perspectivas laborais e polo conseguinte éxodo da nosa xuventude”.

Lugo, 26 de setembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo